



Os equipos do Dépor Genuine e do Celta Integra, no Camiño de Santiago con R

- **Futbolistas destes conxuntos galegos de LaLiga Genuine percorreron onte á tarde un treito do Camiño de Santiago e compartiron a ruta con familiares e amigos/as que decidiron unirse a eles/as.**
- **Esta iniciativa de R, patrocinadora de ambos os dous equipos da Coruña e Vigo, respectivamente, ten entre os seus obxectivos visualizar o Camiño de Santiago como un lugar de encontro permanente e sempre integrador para todas as persoas que decidan facelo.**
- **Alex Abalde, entrenador do Celta Integra subliñou que foi *“un pracer participar nesta andaina organizada por R, e máis poder compartila cos rapaces e rapazas do Depor Genuine. O fútbol galego da mellor liga do mundo, LaLiga Genuine Santander, unido á visibilidade do Camiño de Santiago. Unha maneira fantástica e diferente de rematar unha tempada tan difícil e complicada”*.**
- **Gelines Romero, directora social do RC Deportivo, destacou que *“estas iniciativas abren a porta á recuperación gradual da normalidade na actividade do equipo tras máis dun ano sen case accións presenciais en grupo”*.**
- **Esta acción, impulsada polo operador galego en colaboración coa Fundación Real Club Deportivo e coa Fundación Celta de Vigo, conta, ademais, coa colaboración da Xunta de Galicia, presente na andaina a través marca Xacobeo 21-22.**

Venres, 2 de xullo de 2021.- Futbolistas do Dépor Genuine e Celta Integra fixeron na tarde de onte un percorrido do Camiño de Santiago, dende O Monte do Gozo ata a Praza do Obradoiro, unha ruta que compartiron con familiares e amigos/as que decidiron unirse a eles/as.

En total, participaron ao redor de **100 persoas** nunha actividade que ten como obxectivo visualizar os valores do **Camiño de Santiago**, non só como ruta turística, senón con todos os valores de equipo, solidariedade, inclusión e integración de culturas que caracteriza ao Camiño de Santiago.

Deste xeito, o compromiso, o sacrificio, a determinación do traballo en equipo, valores inherentes ao Celta Integra e Dépor Genuine volveron estar presentes no Camiño.

Esta actividade enmárcase dentro da **estratexia de RSE de R**, neste caso por partida dobre, como apoio ás accións de visibilidade do forte potencial que teñen as persoas con discapacidade intelectual, concretamente nesta ocasión exercido a través do apoio aos equipos Dépor Genuine e Celta Integra, e por outro como impulso á promoción e divulgación do Camiño nun ano no que ten unha dobre recompensa. Así, ademais da satisfacción de completar esta experiencia única con persoas de todo o mundo, tamén ofrece a oportunidade de participar no Xacobeo 2021-22, cunha programación excepcional e ampliada ata o ano 22 pola influencia da Covid-19 que impide actos masivos.

Pola súa banda, **desde o Dépor Genuine Gelines Romero, directora da área social do RC Deportivo**, destacou que: *“despois de un ano sen poder organizar actividades de grupo, co que elo supón nun equipo moi unido a nivel afectivo nas últimas temporadas, esta andaina simboliza de novo os primeiros pasos cara a recuperación gradual da normalidade na actividade do Dépor Genuine. Facelo ademais camiñando, o que permite charlar e compartir bos momentos cos compañeiros de equipo e cos amigos do Celta Integra, serve para reforzar lazos entre os proxectos sociais de ámbalas entidades e recargar a ilusión por un dos proxectos máis destacados de cantos temos na Fundación RC Deportivo”*.

Para **Alex Abalde, entrenador do Celta Integra**, esta actividade supuxo *“volver a cruzar os camiños dos rapaces e rapazas do Depor Genuine e Celta Integra. E qué mellor forma de facelo qué compartindo o Camiño de Santiago. Os lóxicos nervios iniciais convertíronse en alegría polo reencontro de ambos os dous equipos, nunha andaina chea de ilusión, diversión e moitos sorrisos. Ambiente inmerollable que rematou coa esperada chegada á Praza do Obradoiro, momento máxico e inesquecible, que os rapaces e rapazas viviron con gran emoción e satisfacción”*.

Tras a participación, os xogadores/as recibiron como agasallo o Pasaporte do/a Peregrino/a para que, dende hoxe poidan completar O Camiño de Santiago.

Patrocinador oficial do Xacobeo 21

R é patrocinador do “Ano Santo Xacobeo 2021”, en virtude do convenio asinado entre a empresa e a entidade xestora do Xacobeo, un acordo de colaboración que reflicte o compromiso do operador galego con Galicia, concretamente a través do

apoio a un dos acontecementos máis importantes para a proxección internacional da comunidade e do Camiño de Santiago.

O patrocinio de **R** para o Xacobeo 2021 supón, entre outras accións, o uso de espazos do operador galego para facilitar ao público información útil en relación co Ano Santo compostelán.

Así mesmo, dentro das campañas publicitarias de **R inclúense** accións relacionadas co Camiño de Santiago e o Xacobeo, nas que se reflicte a condición de **R** como patrocinador deste gran evento considerado “de excepcional interese público”.

Comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal